

University Educators for Sustainable Development (UE4SD)**Nota de prensa: O proxecto UE4SD péchase coa presentación dunha ferramenta de formación profesional única****30 de setembro de 2016**

O proxecto *University Educators for Sustainable Development* (UE4SD), baseado no consorcio de institucións de educación superior de toda Europa para o desenvolvemento sustentable, finaliza en setembro de 2016. Durante os tres pasados anos, UE4SD alcanzou os seus obxectivos por medio dunha serie de actividades e intercambios enfocados ao desenvolvemento profesional dos educadores. O proxecto produciu materiais que proporcionan unha visión compartida da educación para o desenvolvemento sustentable (EDS) para diferentes contextos culturais, dando soporte ao desenvolvemento profesional das competencias en EDS dos educadores e incentivando relevantes políticas educativas a distintas escalas, desde a institucional á europea. Os principais resultados do proxecto son:

- O desenvolvemento dunha rede de 53 socios europeos, por medio de reunións anuais, comunicación on-line e contribucións activas tanto ao propio proceso de desenvolvemento do proxecto como aos seus resultados.
- Un proceso de consultas que deron como resultado unha serie de informes, construíndo unha panorámica do “estado actual da cuestión” do desenvolvemento profesional da EDS en Europa, tanto a nivel teórico como práctico.
- O compartir experiencias e reflexións sobre iniciativas e proxectos seleccionados, para producir a *Leading Practice Publication* que inclúe exemplos significativos de desenvolvemento profesional en EDS.
- A posta en marcha dun programa piloto da Academia UE4SD, ofrecendo un modelo e un conxunto de experiencias reais con equipos universitarios desenvolvendo as súas competencias en EDS.
- Unha síntese das aprendizaxes e coñecementos adquiridos no proxecto, así como notables exemplos de prácticas e produtos da Academia UE4SD, incluídos na Plataforma On-line de Recursos.

A última das actividades crave do proxecto foi a Academia UE4SD, na que se envorcaron os resultados das anteriores fases do mesmo. O proceso de desenvolvemento da Academia UE4SD foi deseñado e posto en marcha baixo a dirección da Universidad Autónoma de Madrid, involucrando a catro institucións socias de UE4SD (Universitat Autònoma de Barcelona, Universidad de Granada, Universitat de Xirona e Universidade do País Vasco/ Euskal Herriko Unibertsitatea). O principal obxectivo da Academia UE4SD é fomentar o cambio institucional nas universidades por medio da implicación dos educadores no desenvolvemento das súas propias competencias en EDS, incluíndo as habilidades de liderado e capacidade de cambio necesarias para facilitar procesos institucionais de transformación cara á sustentabilidade

A Academia UE4SD proporcionou o espazo, tempo e apoio a estes equipos para a reflexión creativa e para asegurar que o desenvolvemento óptimo dos seus proxectos de Academia:

- reflecta críticamente os seus aspectos culturais propios na EDS,

- use o diálogo para xerar coñecemento sobre o desenvolvemento profesional en EDS,
- desenvolva un entendemento tanto persoal como colectivo da posta en práctica da EDS,
- identifique retos e oportunidades nos proxectos de EDS.

Así, a Academia UE4SD aumentará as oportunidades de recoñecemento das competencias e de implementación de prácticas profesionais en EDS. Baseándose no progreso, de cada institución, relacionado coa EDS e outras accións desenvolvidas no marco do UE4SD, a Academia UE4SD proporciona unha oportunidade para a cooperación en EDS entre as universidades, máis aló deste proxecto.

Os seguintes pasos da rede xerada no proxecto UE4SD son:

- Compartir resultados: difusión e comunicación dos produtos e coñecementos adquiridos no proxecto, a través das súas publicacións e a presenza en eventos e foros diversos.
- Aplicar as aprendizaxes: trasladando as aprendizaxes e experiencias ao traballo dos socios, usando as oportunidades existentes para poñelos en práctica e avanzar na EDS.
- Manter a colaboración: buscando vías para continuar conectados e guiarnos os uns aos outros, por medio de intercambios entre pares ou novas iniciativas forxadas no marco de UE4SD.
- Inflúir na práctica: usando os recursos e aprendizaxes do proxecto para iniciar cambios na visión e as políticas sobre desenvolvemento profesional neste sector.

En xeral, o proxecto UE4SD proporciona unha nova e influente práctica no desenvolvemento profesional nas universidades, que contribúe ao desenvolvemento exitoso de políticas de EDS, especialmente aquelas iniciadas a nivel nacional por medio do Programa de Acción Global (GAP) en Educación para a Desenvolvemento Sustentable (EDS) da UNESCO e a Estratexia de Educación para o Desenvolvemento Sustentable da UNECE. O proxecto atraeu a actores clave en EDS, involucrando a 53 socios de 33 países, tendo impacto en 3.000 universidades europeas e en máis de 24 millóns de estudantes. Estes tres anos de intensa cooperación foi liderada pola University of Gloucestershire (Reino Unido) e organizada en catro grupos rexionais: Norte (coordinado pola University of Gloucestershire), Sur (Universidade Autónoma de Madrid, España), Leste (Charles University Prague, República Checa), e Oeste (Leuphana University of Lüneburg, Alemaña).

Pódense atopar todos os materiais do proxecto na seguinte ligazón: <http://www.ue4sd.eu/>. Os principais recursos clave e as vías futuras de colaboración atópanse en <http://platform.ue4sd.eu/pathways.php>

O desenvolvemento da Academia UE4SD como produto do proxecto UE4SD foi financiado pola Comisión Europea por medio do Programa Lifelong Learning. A información sobre a Academia UE4SD está dispoñible na seguinte ligazón: http://platform.ue4sd.eu/ue4sd_accademy.php

Para máis información sobre a Academia UE4SD, contactar con Work Package Lead prof. Javier Benayas, javier.benayas@uam.es.

Pode obter máis información sobre o proxecto UE4SD contactando con Project Lead Prof. Daniella Tilbury na University of Xibraltar, daniella.tilbury@unigib.edu.gi, ou con Project Coordinator na University of Gloucestershire ue4sd@glos.ac.uk e na páxina web do proxecto: <http://www.ue4sd.eu>.